

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DOS RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓNS E DEMOLICIÓNS

CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DE RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓNS E DEMOLICIÓNS XERADOS NO TALLER DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO

1. **Entidade que adxudica:** organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Vías e Obras. Nº expediente: 79.712-250.
2. **Obxecto do contrato:** os servizos de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo taller do servizo de vías e obras do Concello de Vigo
Lugar de execución: no termo municipal do Concello de Vigo.
Prazo de execución: 2 anos. Prórroga: unha prórroga, dun ano de duración.
3. **Tramitación e procedemento:** Tramitación: Ordinaria. Procedemento: Aberto.
4. **Presuposto base:** 181.818,18.- euros. IVE a soportar pola administración: 18.181,82.- euros. Orzamento total: 200.000,00.- euros
5. **Garantías esixidas:** a)Provisional: non se esixe. b)Definitiva: si (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c)Complementaria: non.
6. **Obtención da documentación e información:** www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.
Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.
7. **Requisitos específicos do contratista:** a)Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato ou posuír a seguinte clasificación: Grupo R, Subgrupo 5, categoría A. b)Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público



Mércores, 13 de decembro de 2017

Núm. 237

ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario. , ou posuír a seguinte clasificación: Grupo R, Subgrupo 5, categoría A.

8. Presentación de Ofertas: Prazo: o prazo rematará o 17 de xaneiro de 2018.

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei nº1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. Apertura Ofertas técnica económica: entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:

Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, a 4 de decembro de 2017.

O Concelleiro delegado de Contratación,

P. D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:WB5SF2JD2TGYC8JS

